

Bases do I concurso de fotografía de GALICIA CENTRAL

1. Obxectivo e participantes

Poderán participar todas as persoas, profesionais ou afeccionadas á fotografía, que o desexen, sen límite de idade.

2. Tema

Cada participante no concurso deberá remitir un total de oito fotografías, dúas fotografías por cada concello. A temática destas fotografías será a seguinte:

- para as fotografías de Melide: o Camiño de Santiago.
- para as fotografías de Lalín: a escultura urbana.
- para as fotografías de Monforte: o río.
- para as fotografías do Carballiño: o polbo.

As fotografías enviadas deben axustarse á temática escollida por cada concello. Aquelas que non se axusten, ou que non sexan titularidade de quen figure como autor/a, non entrarán en concurso. Ademais, quedarán excluídas todas aquelas con contido ofensivo que menoscaben obxectivamente a integridade moral das persoas.

3. Modalidade e presentación

As fotografías deberán presentarse en formato dixital, e terán un tamaño mínimo de 13x18 cms e unha resolución de 300 puntos por pulgada. O tamaño máximo non excederá os 30x40 cms. Para as fotografías tomadas con cámara analóxica, establecerase un tamaño mínimo de 20x25 cms e máximo de 30x45 cms.

Todas as fotografías deben ir tituladas en galego e poden levar, opcionalmente, un pé de foto ou un breve texto explicativo.

Non se aceptarán extrapolacións de tamaño nin retoques artísticos nas imaxes, máis aló do brillo e o contraste, así como tampouco fotomontaxes.

4. Lugar e prazo de presentación

Cada concursante remitirá as súas fotografías, nun CD, ao seguinte enderezo:

*Concello de Melide
Gabinete da Alcaldía
(Concurso de fotografía Galicia Central)
Praza do Convento nº 5
15.800 Melide*

Amais do envío das fotografías, acompañarase un sobre pechado. No seu exterior indicarse o título do traballo ou pé de foto, que faga referencia ao contido

presentado. Dentro do sobre farase referencia a todos os datos persoais e de contacto do autor ou autora das fotografías, que participa no concurso.

O **prazo de recepción de fotografías** estará aberto dende o 15 de xullo ata o 15 de setembro.

5. O xurado e os premios

O xurado do concurso estará integrado por oito persoas, dúas persoas de cada un dos concellos que forman Galicia Central. Cada concello achegará un representante municipal e unha persoa do ámbito da fotografía, escollida polos responsables municipais do concello ao que representa.

Establécense dous tipos de premios: por un lado o xurado escollerá a mellor foto individual de cada concello; e por outro fixarase un premio ao mellor traballo ou grupo de oito fotos presentadas por un autor ou autora.

O gañador da mellor fotografía individual de cada concello recibirá un premio en metálico de **500 euros**.

Na categoría de mellor traballo, establécese un único premio ao mellor conxunto de oito fotos presentadas por un mesmo autor ou autora. Este traballo estará dotado cun **premio de 1.000 euros**.

O xurado dará a coñecer o seu fallo a finais do mes de setembro. As fotografías premiadas poderanse ver nasas páxinas webs dos respectivos concellos.

Todos/as as concursantes cederán os dereitos de explotación das fotografías que presenten a concurso, para a súa publicación ou uso na web ou en calquera outro soporte, sen compensación económica.

A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

6. Exposición das fotografías

Galicia Central realizará unha exposición con todas as fotografías presentadas ao concurso, que se poderá visitar en datas distintas nos catro concellos. Ademais, Galicia Central resérvase o dereito de dar publicidade a estas fotografías a través das webs oficiais dos Concellos, así como da publicación dun libro no que se recollan estas imaxes.

